



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

1.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ACORDO DA XGL DO 20/07/2015 DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE. 80/1102.

Dáse conta da seguinte proposta do 13/07/2016, da Alcaldía-Presidencia:

"A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, acordou na súa sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015, entre outros, aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia de designación de representantes da Corporación Municipal no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- *Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015, no que se refire á representación da Corporación municipal no Consorcio da Zona Franca de Vigo e, polo tanto, o representante proposto polo Grupo Municipal do Partido Popular, **D. Miguel Fidalgo Iglesias**, será substituído pola concelleira-delegada do Grupo Municipal Socialista, **D^a M^a José Caride Estévez**.*

Segundo.- *En consecuencia, o Concello de Vigo estará representado no Consorcio da Zona Franca de Vigo polo seu Alcalde e representante legal **D. Abel Caballero Álvarez** e polos concelleiros **D. David Regades Fernández, D. Javier Pardo Espiñeira, D. Angel Rivas González, D. Cayetano Rodríguez Escudero e D^a M^a José Caride Estévez**.*

Terceiro.- *Comunicar este acordo ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.*

Cuarto.- *O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno."*

Acordo:
A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta do 13/07/16, da Alcaldía-
Presidencia.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa
salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime
xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a quince de xullo
do ano dous mil dezaseis.

CC/MS



V. e P.
O ALCALDE

Abel Caballero Alvarez.